

PETISCOS DE CIENCIA 2025 (4ª edición)

Concurso de vídeos sobre ciencia

O concurso “Petiscos de ciencia”, promovido pola Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Ciencias co apoio do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Universidade de Santiago de Compostela, reaparece nesta 4ª edición co obxectivo de (re)conectar a universidade e o coñecemento científico coas novas xeracións, renovando as súas metas:

- Atraer o interese do estudiantado de ensinanza secundaria e formación profesional cara á actividade científica.
- Crear contidos científicos en aberto, de carácter divulgativo e transversal, empregando formatos audiovisuais que presenten atractivo para o estudiantado.
- Fomentar a divulgación científica en galego entre o estudiantado de educación secundaria e formación profesional.

Co obxectivo de alcanzar estas metas, a Facultade de Ciencias invita ao estudiantado de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Formación Profesional dos institutos de Galicia e doutras zonas galegofalantes de España, a participar nesta cuarta edición do concurso, convocado conforme ás seguintes bases.

BASES DO CONCURSO

1. Poderá participar neste concurso **estudiantado da ESO, de formación profesional e de bacharelato** dos centros de ensino de **Galicia e outras áreas galegofalantes** de fóra de Galicia, en España.
2. O estudiantado participará de xeito individual ou en grupos cun **máximo de tres estudantes**, en todo caso **coordinado/s por un docente** do seu centro de ensino.
3. Cada grupo participante elaborará un vídeo no que se presenten petiscos ou pímulas sobre calquera tema relacionado coa ciencia. O enfoque no tratamento do tema é libre. A lingua empregada será o **galego**, tanto oralmente (locucións, diálogos...) como por escrito (elementos gráficos, subtítulos, etc.).
4. A **duración** dos vídeos non será en ningún caso inferior a 30 segundos nin superior a 90.
5. Os traballos presentados deben ser **inéditos e orixinais**.
6. Na **valoración** dos vídeos terase en conta a calidade técnica (imaxe e son), a corrección lingüística, a orixinalidade do vídeo, e a corrección nos conceptos científicos.

7. Os vídeos confeccionados deberán subirse a unha canle de YouTube. A publicación das pezas farase baixo **licenza Creative Commons** Recoñecemento-Non Comercial-SenObraDerivada (<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>), e isto deberá constar claramente nos detalles do vídeo dentro da plataforma Youtube, sendo o contrario causa de exclusión do concurso. Os participantes serán os únicos e exclusivos responsables dos contidos dos vídeos en canto a esixencias legais de dereitos de imaxe ou plaxio segundo as leis vixentes.
8. Para presentarse ao concurso cómpre que os autores (ou representante/s) e coordinador/es acheguen a **ficha de inscrición** (Anexo I) nun correo electrónico dirixido ao enderezo ciencias.decanato@usc.gal e co asunto “Concurso Petiscos de ciencia 2025”. O prazo para a presentación dos traballos remata o **15 de outubro de 2025**.
9. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no Taboleiro de anuncios (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>) da USC unha **lista provisoria** de solicitudes admitidas e excluídas e abrirase un prazo de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para que as persoas solicitantes excluídas poidan alegar contra a súa exclusión ou emendar os defectos que a motivaron, de ser o caso. Para facelo, deben dirixirse ao enderezo electrónico ciencias.decanato@usc.gal. Pasado ese prazo, e resoltas as alegacións, publicarase a **lista definitiva** de admitidos. Nas listas constarán unicamente o título do vídeo e o nome do centro de ensino de procedencia, e serán publicadas tamén nos sitios web da Facultade de Ciencias e do Servizo de Normalización Lingüística da USC.
10. Os **premios** do concurso repartiranse do seguinte xeito:
 - Primeiro premio: agasallo por valor de 250 euros
 - Segundo premio: agasallo por valor de 150 euros
 - Terceiro premio: agasallo por valor de 100 euros
 - Cuarto e quinto premio: agasallo por valor de 50 euros cada un.
11. O **xurado** encargado da concesión destes premios estará integrado polos membros da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias, e un representante do Servizo de Normalización Lingüística da USC.
12. Unha vez avaliadas todas as contribucións presentadas a concurso, publicarase no Taboleiro de anuncios da USC e nos sitios web da Facultade de Ciencias e do Servizo de Normalización Lingüística da USC, unha **resolución provisional** onde constará o veredicto do xurado. As persoas aspirantes aos premios disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar alegacións. Transcorrido este prazo ditarase **resolución definitiva** coa concesión dos premios.

13. Ás **persoas gañadoras** comunicaráselles persoalmente por algún dos medios sinalados na ficha de inscrición (punto 8 destas bases, Anexo I).
14. A organización poderá levar adiante aqueles **cambios** que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, o que comunicará no taboleiro de anuncios e nos sitios web da Facultade de Ciencias e do Servizo de Normalización Lingüística da USC.
15. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como o veredicto do xurado, que será **inapelable**.
16. O incumprimento de algunha destas bases será motivo de **exclusión**.

Contra a presente convocatoria, poderase interpoñer recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o reitor no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, na data da sinatura dixital.

A decana e presidenta da CNL.

Asteria M^a Luzardo Álvarez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO I

Ficha de inscripción en “Petiscos de Ciencia 2025” (4ª edición)

| TRABALLO | |
|--------------------------------------|--|
| Título: | |
| Ligazón ao vídeo en <i>YouTube</i> : | |

| DATOS PERSOAIS DOS/AS PARTICIPANTES | |
|-------------------------------------|-------------------------|
| Estudiante participante | |
| Nome e apelidos: | NIF ou nº de pasaporte: |
| Enderezo postal: | |
| Teléfono/s: | Correo electrónico: |
| Estudiante participante | |
| Nome e apelidos: | NIF ou nº de pasaporte: |
| Enderezo postal: | |
| Teléfono/s: | Correo electrónico: |
| Estudiante participante | |
| Nome e apelidos: | NIF ou nº de pasaporte: |
| Enderezo postal: | |
| Teléfono/s: | Correo electrónico: |
| Profesor/a coordinador/a | |
| Nome e apelidos: | NIF ou nº de pasaporte: |
| Enderezo postal: | |
| Teléfono/s: | Correo electrónico: |

CONSENTIMENTO INFORMADO (riscar cun X)

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recadados serán tratados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) no tratamento de "Xestión de actividades culturais" cuxa finalidade é a xestión dos congresos e reunións científicas, proxectos e actividades culturais, xestión de proxectos culturais: difusión e divulgación de actividades culturais a través de publicacións impresas, web, radio e televisión etc.

O responsable dese tratamento é a Universidade de Santiago de Compostela con domicilio no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo electrónico: protecciondatos@usc.gal

Tamén pode poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da USC a través do enderezo electrónico dpd@usc.es

A base de xustificación deste tratamento é o consentimento expresado polas persoas interesadas.

Non se prevén cesións nin transferencias de datos.

As persoas interesadas poden exercer ante o responsable os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Sede Electrónica da USC:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>

Tamén poden dirixirse á Agencia Española de Protección de Datos para realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais. Cumprida a finalidade, os datos bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables.

A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar na web: <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

Se non se proporcionan os datos requiridos e as autorizacións para o seu tratamento, a solicitude non poderá ser tramitada.

Dou o meu consentimento para o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente para poder resolver a miña solicitude.

_____ , ____ de _____ de 2025.

Sinatura/s estudante/s participante/s

Sinatura coordinador/a

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ASTERIA MARIA LUZARDO ALVAREZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/02/2025 16:10:32.

CSV: 06BA-0A9A-47AC-B19F